



RESPONSABLE DO TRATAMENTO

Concello de Pazos de Borbén

BASE XURÍDICA

Artigo 6. 1. c) RXP. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento:

Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria. Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

FINS DO TRATAMENTO

Xestión contable dos capítulos de gasto e ingresos derivados da execución do orzamento e Caixa Fixa, así como a imputación contable, facturación, fiscalización ou intervención das contas. Xestión de tesourería.

COLECTIVO

Provedores, acredores, empregados públicos, beneficiarios de axudas ou subvencións.

CATEGORÍAS DE DATOS

Carácter identificativo: Nome e apelidos, NIF, número da seguridade social, enderezo (postal ou electrónico), teléfono (fixo ou móbil), firma, sinatura electrónica.

Características persoais: Idade, datos de familia, sexo, data de nacemento, nacionalidade, lugar de nacemento.

Detalles do emprego: Corpo/escala, categoría/grao, postos de traballo, datos non económicos da nómina, historial do traballador.

Datos de transaccións: Datos de transaccións, bens e servizos fornecidos polo afectado, bens e servizos recibidos polo afectado, transaccións financeiras, compensacións/indemnizacións.

Datos económico-financeiros e de seguros: Ingresos, rendas, investimentos, bens patrimoniais, créditos, préstamos, avais, datos bancarios, plans de pensións, xubilación, datos económicos de nómina, datos deducións impositivas/impostas, seguros, hipotecas, subsidios, beneficios, historial de créditos, tarxetas de crédito.

CATEGORÍAS DE DESTINATARIOS

Facenda pública e administración tributaria, tribunal de contas, entidades financeiras.

TRANSFERENCIAS INTERNACIONAIS

Non están previstas transferencias internacionais.

PRAZO SUPRESIÓN

Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

MEDIDAS DE SEGURIDADE

As medidas de seguridade implantadas correspóndense coas previstas no Esquema Nacional de Seguridade.